PRIMEIRO: Declarar a prescrición do dereito ao recoñecemento ou liquidación das seguintes facturas, polo transcurso do prazo de 4 anos sen exercitarse dereito algún por parte dos titulares a esixir o seu recoñecemento e, en unidade de acto, aprobar o correspondente expediente de prescrición por un importe total de 4.259,08 €, segundo o seguinte detalle:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Importe
F/2012/1	08/10/2012	476/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	FLORAIS PASAMENTO MEMBROSCORPORACIÓN	300,02
F/2012/2	08/10/2012	477/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	HIPOCLORITO	519,67
F/2012/3	08/10/2012	475/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	UTENSILIOS DE COCIÑA PARACAMPAMENTOS	106,24
F/2012/4	08/10/2012	474/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	CESPED UNIVERSAL	8,6
F/2012/5	08/10/2012	473/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	DIVERSO MATERIAL DE LIMPEZA	339,7
F/2012/6	08/11/2012	17	15/10/2012	B15530751	EXCAVACIONES CERCAL S.L.	REPARACIÓN E INST. REDE SANEAMENTO EN ABEIJXÓN	1318,05
F/2012/7	08/11/2012	18	15/10/2012	B15530751	EXCAVACIONES CERCAL S.L.	REPACIÓN E INST. DE CANAL. DE ABAST. AUGA EN CARAN	1306,8
F/2015/1465	11/08/2015	001-2015	08/07/2015	***5700**	MARIA JOSEFA GONZALEZ TUÑEZ	ACTIVIDADES CULTURAIS. CURSO DE CORTE E CONFECCIÓN. FRA DE 8.7.15	360
TOTAL							**4.259,08**

SEGUNDO: Declarar extinguidas as débedas e proceder á súa correspondente baixa na contabilidade municipal (conta 4130, *Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento)*.

TERCEIRO: Notificar aos interesados a declaración de prescrición e, polo tanto, a extinción das débedas, co réxime de recursos aplicables.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A Alcaldesa pregunta se hai intervencións.

Non habendo intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e unha (1) abstención (emitida polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Expediente núm.: 2021/T002/000045
Procedemento: Prescrición do dereito ao recoñemento ou liquidación de obrigas (Pleno)

<<O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, adopta o mesmo en base aos seguintes antecedentes administrativos e fundamentación xurídica:

***Antecedentes Administrativos*:**

Primeiro: O día 4/11/2021 iniciouse o procedemento para declarar a prescrición do dereito ao recoñecemento ou liquidación das seguintes facturas, detalladas pola Intervención, na súa comunicación de data 04/11/2021, por un importe total de **4.259,08 euros**, que poden estar afectadas polo instituto da prescrición, por transcorrer o tempo máximo previsto para a súa esixencia:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Importe
F/2012/1	08/10/2012	476/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	FLORAIS PASAMENTO MEMBROSCORPORACIÓN	300,02
F/2012/2	08/10/2012	477/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	HIPOCLORITO	519,67
F/2012/3	08/10/2012	475/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	UTENSILIOS DE COCIÑA PARACAMPAMENTOS	106,24
F/2012/4	08/10/2012	474/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	CESPED UNIVERSAL	8,6
F/2012/5	08/10/2012	473/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	DIVERSO MATERIAL DE LIMPEZA	339,7
F/2012/6	08/11/2012	17	15/10/2012	B15530751	EXCAVACIONES CERCAL S.L.	REPARACIÓN E INST. REDE SANEAMENTO EN ABEIJXÓN	1318,05
F/2012/7	08/11/2012	18	15/10/2012	B15530751	EXCAVACIONES CERCAL S.L.	REPACIÓN E INST. DE CANAL. DE ABAST. AUGA EN CARAN	1306,8
F/2015/1465	11/08/2015	001-2015	08/07/2015	***5700**	MARIA JOSEFA GONZALEZ TUÑEZ	ACTIVIDADES CULTURAIS. CURSO DE CORTE E CONFECCIÓN. FRA DE 8.7.15	360
TOTAL							**4.259,08**

Segundo: O día 04/11/2021, emitiuse informe pola Secretaría-Intervención sobre a lexislación

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

aplicable e o procedemento a seguir.

Terceiro: O día 04/11/2021, mediante Resolución da Alcaldía núm. 636/2021 aperturouse un período de información pública, mediante:

- Notificación persoal aos terceiros interesados.
- Publicación no Taboleiro de Edictos o día 05.11.2021
- Publicación no BOP núm. 214 do 10.11.2021

O período de información pública rematou o día 24.11.2021, e non consta a presentación de ningún tipo de emenda, observación ou alegación.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: O artigo 25.1 da Lei Xeral Orzamentaria, de xeito específico para as obrigas a cargo das Facendas Públicas, establece que prescribirá aos catro anos:

"O dereito ao recoñecemento ou liquidación pola Facenda Pública estatal de toda obriga que non se solicitase coa presentación dos documentos xustificativos. O prazo contarase desde a data na que se concluíu o servizo ou a prestación determinante da obriga ou desde o día no que o dereito puido exercitarse"

Segundo: O prazo de prescrición comeza a contarse, desde a data de presentación das facturas no Rexistro, transcorrendo para todas elas máis de 4 anos.

Terceiro: Non consta ningunha acción por parte dos acreedores, que de acordo co artigo 1973 do Código Civil, puidesen supoñer a interrupción do dito prazo de prescrición.

Cuarto: Sendo que se someteu o expediente a un trámite de audiencia aos interesados, mediante notificación persoal, publicación de edicto no Taboleiro e publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia; sen que conste a presentación de ningún tipo de emenda, observación ou alegación.

Á vista dos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos, este Pleno Corporativo **ACORDA:**

PRIMEIRO: Declarar a prescrición do dereito ao recoñecemento ou liquidación das seguintes facturas, polo transcurso do prazo de 4 anos sen exercitarse dereito algún por parte dos titulares a esixir o seu recoñecemento e, en unidade de acto, aprobar o correspondente expediente de prescrición por un importe total de 4.259,08 €, segundo o seguinte detalle:

Nº de Entrada	Data	Nº de Documento	Data Dto.	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Importe
F/2012/1	08/10/2012	476/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	FLORAIS PASAMENTO MEMBROSCORPORACIÓN	300,02
F/2012/2	08/10/2012	477/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	HIPOCLORITO	519,67
F/2012/3	08/10/2012	475/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	UTENSILIOS DE COCIÑA PARACAMPAMENTOS	106,24
F/2012/4	08/10/2012	474/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	CESPED UNIVERSAL	8,6
F/2012/5	08/10/2012	473/2012	31/07/2012	***3632**	EMILIO CAROU MARTINEZ	DIVERSO MATERIAL DE LIMPEZA	339,7

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

F/2012/6	08/11/2012	17	15/10/2012	B15530751	EXCAVACIONES CERCAL S.L.	REPARACIÓN E INST. REDE SANEAMENTO EN ABEIJXÓN	1318,05
F/2012/7	08/11/2012	18	15/10/2012	B15530751	EXCAVACIONES CERCAL S.L.	REPACIÓN E INST. DE CANAL. DE ABAST. AUGA EN CARAN	1306,8
F/2015/1465	11/08/2015	001-2015	08/07/2015	***5700**	MARIA JOSEFA GONZALEZ TUÑEZ	ACTIVIDADES CULTURAIS. CURSO DE CORTE E CONFECCIÓN. FRA DE 8.7.15	360
TOTAL							**4.259,08**

SEGUNDO: Declarar extinguidas as débedas e proceder á súa correspondente baixa na contabilidade municipal (conta 4130, *Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento)*.

TERCEIRO: Notificar aos interesados a declaración de prescrición e, polo tanto, a extinción das débedas, co réxime de recursos aplicables>>

8.1 MOCIÓN DO GRUPO MIXTO PARA SOLICITAR UNHA PALA VOLTEADORA PARA A MANCOMUNIDADE SERRA DO BARBANZA

O voceiro do Grupo Mixto di que quere presentar unha moción sobre a Mancomunidade Serra do Barbanza relativa á adquisición dunha volteadora. A petición súa o voceiro do BNG no Congreso dos Deputados presentou unha emenda aos Orzamentos Xerais do Estado para conseguir financiamento para adquirir unha volteadora de compost para o Complexo Medio Ambiental Serra do Barbanza. Ao final esta emenda non prosperou, porque non acadou os votos suficientes. Pero agora pretende presentarse no Parlamento de Galicia. A moción versa sobre esta cuestión. A moción foi presentada tanto no Concello de Muros coma no de Noia e foi apoiada. O que quere a moción é que a Xunta traia investimento para a planta de Servia.

A Alcaldesa somete a votación a ratificación da urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

O voceiro do Grupo Mixto pasa a dar lectura da moción que é do seguinte teor literal:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
RÍA DE MUROS E NOIA

AO PLENO DO CONCELLO DE LOUSAME

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) proponlle ao pleno do Concello de Lousame a aprobación da seguinte moción.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Durante estos días estanse a debater no seo do Parlamento do Estado Español os Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2022, que reflectiran os investimentos que se levarán a cabo por parte do Goberno Central.

En este proceso, dende o Bloque Nacionalista Galego levamos a debate unha emenda a ditos orzamentos que atinxe directamente á Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza, da cal o concello de Muros forma parte, consistente na adquisición de unha maquina volteadora para a planta de Servia, necesaria para unha óptima elaboración e estabilización do compost producido no complexo medioambiental da Mancomunidade. A adquisición de esta maquinaria permitiría mellorar considerablemente os niveis de reciclaxe de materia orgánica, axudando así a acadar os obxectivos marcados na Estratexia Europea de cara ao ano 2030.

Os obxectivos marcados pola Unión Europea para 2020 situaban no 50% a taxa de reciclaxe e compostaxe de residuos sólidos urbanos no ámbito municipal, máis a taxa en Galiza sitúase por debaixo do 20%, moi lonxe de cumprir coas indicacións marcadas dende Bruxelas. Fronte a esta situación, é indispensable fortalecer a Mancomunidade Serra do Barbanza e dotala dos medios precisos para permitir que poida seguir desenrolado a súa función, así como mellorar as taxas que se acadan, fronte a outros modelos que incumpren reiteradamente as recomendacións feitas por Comisión Europea neste senso.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Pese a isto, temos que lamentar que dita emenda fose rexeitada durante o debate dos orzamentos, e a axuda económica dende o estado non chegará durante o ano 2022.

Máis durante as vindeiras semanas terá lugar o debate dos Orzamentos Xerais da Xunta, no que será presentado a mesma emenda, pois a necesidade de investimento segue presente.

O compromiso coa viabilidade do complexo medioambiental Serra do Barbanza e coas mais de 150 persoas que alí traballan debe ser claro e contundente, como se aprobou no seu momento por este mesmo pleno municipal.

Por todo o exposto, propoñemos para o seu debate e aprobación se procede o seguinte:

ACORDO

1. Instar aos distintos grupos con representación no Parlamento de Galicia a apoiar a emenda presentada aos Orzamentos 2022 da Xunta de Galicia que recolle o investimento para unha pala volteadora para a estabilización e elaboración de compost para a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza.

En Lousame, a 25 de Novembro de 2021



Asd. Anxo Moledo Carreño

A Alcaldía comeza a súa exposición dicindo que ninguén está en contra dos traballadores. Que este tema hai que deixalo aparte. O tema dos traballadores é un e o tema da Planta e o contrato é outro. Non viu a ningún grupo preocupado polos intereses colectivos de todos os Concellos que formamos parte da Mancomunidade, cando se asumiu a obriga de comprar camións, motivada pola saída duns Concellos e logo pola posterior entrada doutros. Non é que non se teña información. Porque xa se explicou en varias ocasións... Son temas que se mezclan, porque o *totum revolutum* favorece a desinformación. No mundo actual parece que é o que interesa. Que haxa moita xente desinformada e que nos leven a onde sexa. Non. Hai que ter toda a información posible. E aínda tendo toda, nos podemos equivocar. Polo tanto son temas diferentes. Todos estamos a favor dos traballadores que ven en risco o seu posto de traballo. Sexa na planta ou noutro lugar.

Logo na moción fala de compost... Que compost? Hai que voltear que compost? Deixa esta pregunta no aire, para a que non espera ter resposta, pero para que todos reflexionemos. Que compost? Imos gastar cartos públicos para comprar unha volteadora para voltear compost... Que compost? E quere recordar que esta é unha das partes do contrato: fabricar compost que reúna as condicións para ser empregado.

Recorda que na última comisión informativa ela asumiu o compromiso de elaborar unha carta para a persoa que agora ostenta a Presidencia da Mancomunidade sobre o seguinte asunto. Ao Concello de Lousame chegou unha información do Ministerio de Transación Ecolóxica onde traslada información remitida da Unión Europea onde marca uns novos parámetros na xestión dos residuos sólidos

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

urbanos. Gustaríalle que o voceiro do Grupo Mixto nesta moción solicitase o que xa falamos na Comisión Informativa: que se pronuncie o Ministerio expresamente sobre se o Complexo Medioambiental Serra do Barbanza cumpre cos novos parámetros que marca a Unión Europea.

Isto é o primeiro que temos que ter claro antes de acatar calquera proxecto de futuro. Saber se o proxecto da planta é viable coa actual normativa. No caso de que sexa viable, de que cumpramos e non teñamos que pagar ningún recargo, deberíamos saber hacia onde hai que ampliar a actual planta. Porque a mesma empresa actual recoñecer que lle queda lugar para un ano e algo. Esta información é oficial xa que a mandou a actual concesionaria á Xunta de Galicia.

Todos os Concellos van ser de pleno dereito? Porque se facemos un novo proxecto todos os Concellos deberían ser de pleno dereito. Pero é a pescada que se morde o rabo. Porque o Concello que queira entrar tamén quererá saber todas estas cuetións... É viable a planta?

O voceiro do Grupo Mixto di que el leu ese escrito que veu do MITECO. E non é que non comparta as reflexións da Alcaldesa, senón que ese escrito enténdeno de xeito distinto a Alcaldesa e el.

A Alcaldesa sinala que non se trata dunha interpretación súa. No Concello de Lousame hai técnicos e tamén leron ese escrito.

O voceiro do Grupo Mixto di que eles tamén teñen técnicos.

A Alcaldesa di que ela non fala de partidos. Fala de técnicos dun Concello que non son técnicos de parte.

O voceiro do Grupo Mixto non considera que os técnicos do Concello sexan de parte. Tan só quere por de manifesto que os seus técnicos, ao igual que os técnicos da Planta, non interpretan o escrito do Ministerio de Transición Ecolóxica do mesmo modo que o interpreta a Alcaldesa.

A Alcaldesa sinala que a técnica da Planta non é a técnica da Mancomunidade. Outra confusión grave. É unha técnica dunha empresa privada que está xestionando a Planta para a Mancomunidade.

É importante ler a documentación que está no arquivo, que se preocupou de recompilar durante a súa Presidencia. Agora teríanse que preguntar que pasa cos terreos onde está emprazada a Planta, xa que a empresa se comprometeu a entregalos ao finalizar a concesión. E todo isto para empezar un novo proxecto en terreos que sexan da Mancomunidade. Gañouse a primeira sentenza. Recorreron. Xa recaeu a sentenza definitiva? Se xa recaeu habería que pedir a execución da sentenza. Se non onde imos facer nada nun terreo que é dun particular neste momento?

Todos estes puntos son importantes e pídelle que reflexione sobre eles. Non debemos obcecarnos coa información que traemos cada un do noso grupo... A realidade é esta. E hai que diferenciar perfectamente tres cousas: 1) Os traballadores; 2) Empresa, que está xestionando; e 3) Mancomunidade, que é unha Administración e non ten nada que ver coa empresa. Se confundimos eses tres termos, mal asunto. A técnica da mancomunidade non é a técnica da empresa. A técnica da mancomunidade será un ou unha Secretario/a-Interventor/a.

Ela vai falar co Presidente da Mancomunidade e proporlle que como presidente lle faga esa consulta ao Ministerio de Transición Ecolóxica. E cre que todos os Concellos e grupos se sumarían a esa consulta, polo que a ela lle manifestaron.

Anuncia que o GPM do Partido Popular vaise abster na votación. Porque non é que non queiran a volteadora de compost. Pero antes de investir de novo na Planta é preciso saber con anterioridade cal é o proxecto de futuro da planta.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

A voceira do PSdG-PSOE toma a palabra e solicítalle ao voceiro do Grupo Mixto que lle aclare se a volteadora é para a Mancomunidade ou para a empresa.

O voceiro do Grupo Mixto di que é para a Mancomunidade.

A Alcaldesa indica que se é para a Mancomunidade entón eles van votar afirmativamente. Pero advírtelle ao voceiro do Grupo Mixto que deberían preocuparse polos temas que ela mencionou que son os autenticamente relevantes. Estes temas si que fan perigar os postos de traballo, non a volteadora. Non nos podemos enganar. A volteadora é como un maquillaxe e alguén pode caer seducido... Pero os problemas importantes son os outros. É preciso clarificar eses temas para poñernos a traballar cara o futuro.

O voceiro do Grupo Mixto sinala que actualmente no noso país hai 2 alternativas: Sogama e a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza. Se tivésemos unha volteadora en condicións o compost que se realizaría sería de boa calidade.

A Alcaldesa insiste en que non. Que non depende diso. Todos os que estamos aquí, salvo vostede (ou non sabe se alguén máis e se é así que o diga) sabe que o compost de calidade non corresponde coa volteadora. Depende de moitos máis aspectos e así o recoñece a propia empresa. Dende o principio, cando si había volteadora, nunca houbo compost de calidade. E iso non o di ela. Sábeo todo o mundo que está aquí, salvo vostede. Vai someter a votación a moción.

O voceiro do Grupo Mixto quere intervir. Xa que el se limitou a ler a moción. E agora quere rebater os argumentos expostos pola Alcaldesa ou a voceira do Grupo do PSdG-PSOE. Se non pode intervir, isto parece un monólogo da Alcaldesa.

A Alcaldesa recórdalle que o que non pode ser é un diálogo. Pídelle que remate a súa exposición.

O voceiro do Grupo Mixto, di que aínda que o compost non sexa de calidade, a Mancomunidade antes da pandemia facía un 22,43% de compost. De vertedoiro tiña un 64,29 %, que recoñece que é unha cifra elevadísima. E en reciclaxe 13,18 %. Sabedes cales son os datos de Sogama? Compost, ningún, reciclaxe un 3,16 e o resto incineración todo. Que se achega máis aos postulados de Europa? Sogama ou a Mancomunidade? Deixa aí a pregunta.

A Alcaldesa di que os datos que trae o Sr. Voceiro do Grupo Mixto non coincide cos datos que están publicados e que a empresa da Mancomunidade manda á Xunta de Galicia. Aquí non hai que vir co catecismo A e o catecismo B. Ela non ten ningún tipo de catecismo. Nós temos aquí unha Planta. E temos un escrito que chegou do Ministerio de Transición Ecolóxica, onde traslada un cambio de normativa. E o que queremos é que o Ministerio nos aclare se o Complexo Medioambiental, tal cal está agora, cumpre ou non coa nova normativa. No lle parece ben ao Sr. Moledo Carreño que o Ministerio clarifique esa dúbida?

Non habendo máis intervencións, somete o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<**Único**: Instar aos distintos grupos con representación no Parlamento de Galicia a apoiar a emenda presentada aos Orzamentos 2022 da Xunta de Galicia que recolle o investimento para una pala volteadora para a estabilización e elaboración de compost para a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza>>

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

8.4 MOCIÓN DO GRUPO MIXTO RELATIVA Á PETICIÓN DA CONFRARÍA DE PESCADORES SAN BARTOLOMÉ DE NOIA

O voceiro do Grupo Mixto quere presentar por razón de urxencia unha moción sobre unha petición da Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia. Esta petición foi presentada por rexistro de entrada no Concello de Lousame dirixida a toda a Corporación. E o que se debía de facer é trasladar esta petición a todos os grupos da Corporación.

A Alcaldesa pregunta se pode defenderse como representante dese Concello. Di que tiveron unha Comisión Informativa dos Asuntos de Competencia Plenaria. Ese mesmo día da Comisión Informativa chegou a este concello o escrito da Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia. Ela viu ese escrito xunto antes de entrar na Comisión e o comentou no seo da Comisión. E vostede bromeou de que xa a tiña. Polo tanto toda a Corporación é coñecedora de que existía esta moción. Pídelle que lea a moción.

O voceiro do Grupo Mixto di que ao mellor algunha das persoas que están fóra pertencentes á Confraría de Pescadores quere ler a moción.

O concelleiro do GPM do PP, D. José Antonio Ces Barreiro, a petición da Alcaldía abandona o Salón de Plenos para falar cos representantes da Confraría de Pescadores.

A Alcaldesa somete a votación a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos nove (9) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

O concelleiro do GPM do PP, D. José Antonio Ces Barreiro, incorpórase á Sesión Plenaria.

Un representante da Confraría de Pescadores procede á lectura da seguinte petición:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Petición da Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia dirixida á Corporación Municipal do Concello de Lousame para o seu tratamento en Pleno, en sinal de rexeitamento da autorización de vertido ao río Pesqueira de augas residuais industriais procedentes das Minas de San Fins-Vilacova.

Santiago Cruz Martínez con D.N.I nº 33.244.493-V en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores S. Bartolomé de Noia EXPÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2016 Augas de Galicia publica anuncio de información pública para a autorización de vertido de augas residuais industriais procedente da explotación mineira de estaño e wolframio no lugar das minas de San Fins.Vilacoba, termo municipal de Lousame.

En forma e prazo as Confrarías de Noia, Muros, Portosín, Porto do Son e a Asociación de Proditores de Mexilón da Ría de Muros e Noia presentan alegacións contra esa solcitude de vertido presentada pola empresa TUNGSTEN SAN FINX. S.L, en calidade de perxudicados .

No escrito de alegacións reclaman que se denegue a autorización de vertido de augas residuais e reclamase que tanto o proxsecto de vertido como o de explotación mineira se someta ao procedemento de avaliación de impacto ambiental pertinente tal e como esixe a normativa.

AS motivacións das alegacións son as seguintes:

1. **A Importancia dos bancos marisqueiros da Confraría de Noia:**
   a) A Confraría de Pescadores de Noia xestiona en réxime de autorización os bancos marisqueiros de moluscos bivalvos. A superficie productiva de bivalvos comprende máis de 5.000.000 de m2. É a zona máis importante de Galicia na produción de Berberecho e ameixa (Ameixa Fina, Ameixa Babosa e Ameixa xaponesa) e alberga o único banco natural que queda en Galicia de Ostra Plana. Tamén se extrae Navalla.
   b) É a cofradía máis importante de Galicia en produción de Berberecho e ameixa (Ameixa Fina, Ameixa Babosa e Ameixa Xaponesa) e alberga o único banco natural que queda en Galicia de Ostra Plana. Tamén se extrae Navalla. Nos período 2003-2014 , a producción media anual de bivalvos infaunais ascendeu a 1.600.000 kilos (produción entre 1.000.000 e 2.200.000 kilos) cunha facturación media **anual de** 11.000.000 de euros (produción entre 7.500.000 e 14.000.000 euros**)** (www.pescadegalicia.com; ww3.intecmar.org/sigremar;).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

d) O plan de explotación de bivalvos infaunais da zona de autorizacion, utilízanse as modalidades de marisqueo a pé e embarcación conxuntamente nos bancos intermareais e sublitoriais, e participan mariscadores socios do resto das confrarías da Ría de Muros e Noia. **En total no plan de explotación 206 participaron un total de 1.516 mariscadores e 526 barcos**. O 30% foron mariscadores a pé e o resto tripulantes. O 19% dos mariscadores eran socios das outras confrarías da ría. Durante a campaña marisqueira a confraría emprega además a un mínimo de 50 persoas para traballos de xestión, mantemento de lonxa e coidado dos bancos marisqueiros.

2. <u>O volume de vertido das augas procedentes da mina non se corresponde co volume solicitado</u>

A solicitude de autorización de vertedura publicada no BOP refírese a 1.159.552 m3/ano de augas residuais industriais como caudal máximo anual, das que se extraerán por achique 946.800 m3/ano. Sen embargo, no Proxecto de Solicitude de Autorización de Vertido o caudal anual total estimado non se corresponde co solicitado. Así se menciona na memoria do PROYECTO DE SOLICITUD DE AUTORIZACIÓN DE VERTIDO EN LAS INSTALACIONES DE LA MINA DE SAN FINX na paxina 66/90: "*Caudal anual total a aportar en el futuro, una vez vaciadas las galerías: 1.034.400m3/a para el agua procedente de la mina.*"

A autorización de vertido debe incluír todas as augas subterráneas que verte a mina . Só inclué as augas residuais industriais procedentes do bombeo do Pozo Novo e as procedentes da galería "Castiñeiros 2" , polo que se reclama que se revise toda a infraestrutura da mina para inventariar os puntos de vertido e os volumes totais. Tamén que se revisen os criterios polo que se obteñen os datos de precipitación anual que determinan os volumes de aguas de infiltración e escorrentía da mina.

<u>3.-O proxecto debe someterse a procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, conforme a Lei 21/2013.</u>

Reclámase de Augas de Galicia solicite que a vertedura da auga procedente da mina se someta ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, conforme a Lei 21/2013, por implicar "*Un incremento significativo de los vertidos a cauces públicos*", que pode "*tener efectos adversos significativos sobre el medio ambiente*" (Art.7.2.c), e por representar a extracción de máis **de 1 hectómetro cúbico** de augas subterráneas (*ANEXO II, Proyectos sometidos a la evaluación ambiental simplificada regulada en el título II, capítulo II, sección 2.Grupo 8. a*).

Tamén se reclama que a explotación mineira se someta ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental como esixe a normativa nunha explotación destas características, para determinar os efectos de todas as accións da explotación mineira e establecer medidas correctoras e seguimento ambiental.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

4.-As aguas procedentes da mina están contaminadas por metais pesados.

As análisis realizadas por Augas de Galicia. (PCV, Código DC-JPR- 080216-A6 con data 08-02-2016) constatan que o rio San Fins e as augas procedentes da presentan contaminación por varios metais pesados: cadmio, cobre e zinc.

A produción do vertido está ligada a diversos factores que dependen fundamentalmente da meteoroloxía e hidroloxía da zona da mina. O fluxo de auga de entrada principal constitúeo a pluviometría. Na estación da Muralla de Lousame o nivel de precipitación é dos mais altos de Galicia: 2.114,9 mm/m2 anual. O vertido da mina drena sobre rio San fins, estando o punto de vertido só a 8,74 kilómetros do lugar de dos bancos marisqueiros. O vertido significa un alto risco ambiental debido ao grande volume de auga contaminada con metais pesados e a súa proximidade aos bancos marisqueiros.

5.-O método de depuración non se axusta as características de contaminación do vertido

No se ten constancia de que o procedemento de depuración sexa un sistema tecnolóxico utilizado na eliminación de metais pesados. Por outra parte, é necesario coñecer os niveis de contaminación de todas as augas subterráneas das galerías inundadas que se solicita evacuar. Isto é importante para saber qué tipo de tratamento deber ser sometido o vertido.

6.- Os efectos da contaminación por metais pesados sobre a zonas produtoras de moluscos.

As principais características fisiolóxicas do moluscos bivalvos infaunais , animais filtradores capaces de concentrar nos seus organismos distintos elementos contaminantes en cantidades superiores as existentes no medio no que se crían, xerando por iso serios e en ocasións peligrosos problemas para a saúde dos consumidores. A esta realidade temos que sumar que as rías galegas son uns ecosistemas especialmente sensibles que soportan unha intensa presión de impactos antropoxénicos.

Relacionado con este aspecto, merece destacarse el Reglamento C.E. nº 466/2001 (Comisión de 8 de marzo de 2001), en que se establecen los contenidos máximos de determinados contaminantes en produtos alimenticios, estando fxados en 1 mg/kg de peso fresco de molusco bivalvo, para metais pesados. Por otra parte, para evitar distintos problemas de índole sanitaria, as aguas onde teñen lugar estes cultivos mariños tamén deben adaptarse a determinadas normas de calidade como é e o caso da **DIRECTIVA 2006/113/CE** relativa a calidade esixida a aguas para cría de moluscos.

É por isto que a lexislación esixe un **control continuo e exhaustivo** das **zonas de produción de moluscos** de diversos contaminantes, entre eles os metais pesados como son: **Prata, arsénico, cadmio, cromo, cobre, mercurio, níquel, chumbo e zinc.** Este seguimento executao o Instituto Técnolóxico do Mar (INTECMAR), da Consellería do Mar da Xunta de Galicia (www.intecmar.org). O non cuprimento dos valores esixidos en cada elemento significa o peche dos bancos marisqueiros para a especie afectada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

E finalmente

Reclámase que se elimine a antiga presa de residuos no cauce do rio San Fins de residuos industriais :

As anteriores circunstancias súmase o feito de que existe unha presa de contención no cauce do rio ao que drena a mina construida na década de 1930, a 400 metros da mina río abaixo, que está colmatada actualmente con residuos da mina polo que seguramente están contaminados por metais pesados e con outros productos derivados do procesado do mineral que poden ser altamente contaminantes. O caso e que a empresa mineira manifesta que non se fai cargo aínda que é evidente que pertence as actividades derivadas da explotación da mina. A empresa actual manifesta públicamente que non se fai cargo do mantemento da mina. Diversos colectivos alertan de que esta presa pode colapsar en calquera momento e verter todos os escombros e sedimento ao río. O desaugamento pode agravar esta situación ao facer colapsar a presa e verter todos os residuos da actividade mineira sobre o leito do rio.

Dado que o cauce de rio San fins é competencia de Augas de Galicia, esísexe desta entidade que elimine o risco potencial que esta presa ten sobre o conca a que pertence o Río San Fins, que desauga sobre os bancos marisqueiros.

Ante estas, e outras moitas alegacións presentadas por distintos colectivos e entidades, tras non recibir o permiso de vertido solicitado, a empresa 5 anos despóis volve a solicitar permiso aducindo o uso dunha depuradora que supostamente eliminaría todo risco ou posibilidade de vertido e afección ao medio ambiente.

No BOP do 3 de Novembro de 2021 publícase novo proxecto de vertido de augas residuais "depuradas" procedentes dunha explotación mineira no lugar de S. Fins-Vilacoba en dúas fases.

A proposta de reabrir a mina de tungsteno S. Finx-Vilacoba, implica bombear auga das galerías subterráneas abandoadas e tratala mediante depuración para eliminar cadmio, cobre e zinc, antes de descargala no río Pesqueira, que desemboca no estuario da Ría de Muros-Noia

O plan de tratamento de auga proposto pola citada empresa deriva nun proxecto piloto de 11 semanas, o informe deste proxecto inclúe numerosas contradicións entre o texto, gráficos e as taboas de dastos, a calidade da auga de saída esperada da planta de tratamento obtivose usando só datos unha semana do proxecto piloto, sen ter en conta as 10 semanas restantes de datos, e o cálculo dos valores máximos admitidos se calcularon cunha dureza da auga distinta á real do río Pesqueira, si se teñen en conta estes datos as concentracións serían de 0,236 ppb, 1,9 ppb e 35,22 ppb para cadmio, cobre e zinc respectivamente, polo que o cadmio o o zinc superarían as concentración das Normas de Calidade Ambiental-Media Anual (NCA-MA) para España, non existe plan para eliminación segura de lodo e os metais pesados que se acumularán nos estanques de sedimentación e na planta de tratamento de auga, entre outras importantes dificiencias da proposta de reapertura da mina.

O ente Augas de Galicia, a través do informe elaborado pola Área de Calidade, de data 20 de Abril de 2021 conclúe que "as condicións propostas polo solicitante no expediente de referencia para a vertedura, non permiten garantir o cumprimento dos obxectivos medioambientais e normas de calidade ambiental no medio receptor".

No BOP do 10 de Novembro de 2021 Augas de Galicia,polo que se pon a exposición pública o proxecto da mesma empresa do proxecto de adecuación do cauce no Rego das Rabaceiras no procedmento de restauración do Dominio Público Hidráulico afectado polas presas de S. Finx, Lousame

Continúase a obviar o obrigado sometimento a procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental, conforme a Lei 21/2013 pese a que este proxecto pode implicar "*Un incremento significativo de los vertidos a cauces públicos*", que pode "*tener efectos adversos significativos sobre el medio ambiente*" (Art.7.2.c), e por representar a extracción de máis **de 1 hectómetro**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

cúbico de augas subterráneas (*ANEXO II, Proyectos sometidos a la evaluación ambiental simplificada regulada en el título II, capítulo II, sección 2.Grupo 8. a*).

Así mesmo a empresa obvia a existencia e posibles afeccións das dúas presas de residuos mineiros no cauce ro río que pasa pola mina, construidas cando comezou a actividade da mesma, unha baixo a escombreira que na na ledeira do río e outra máis grande , máis abaixo, colmatada, que retén os residuos de lodos, áridos e metáis pesados da mina, esta última con grave risco de derrubamento.



FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Tralo anteriormente exposto e máis información que se está a recabar por técnicos especialistas en minería e outras especialidades que culminarán na presentación das oportunas alegacións, SOLICÍTASE:

Ao pleno da Corporación Municipal do Concello de Lousame se pronuncie mostrando o seu total rexeitamento e consecuente paralización, á que este proxecto de vertido e explotación das Minas de S. Finx-Lousame, por ser claramente incompatible ca salubridade da Ría así como a explotación presente e futura dos bancos marisqueiros, que se verían afectados polo aporte de metáis pesados procedentes dos vertidos de residuos industriais pola empresa TUNGSTEN S. FINX S.L.

Que se dé traslado a administración autonómica competente do presente acordo.

Asdo Santiago Cruz Martínez

Firmado digitalmente por 33244493V SANTIAGO CRUZ (R: G15030844)
Fecha: 2021.11.19 12:31:43 +01'00'

Rematada a lectura, a Alcaldesa toma a palabra. Quere deixar clara dúas cousas por parte do equipo de goberno. En primeiro lugar, entenden perfectamente a preocupación dos traballadores. Pero estase trasladando unha opinión que é totalmente prexudicial para o sector. Así que deixar claro que cren totalmente na calidade dos bivalvos e especialmente do berberecho da ría de Muros – Noia, como o mellor de Galicia. Nunca se vai oír o contrario por parte do Equipo de Goberno. Por que saben que ese molusco ten calidade? Porque hai uns controis rigorosos realizados por técnicos da Administración. Así se nalgún hai un problema, por calquera situación biolóxica, se pecha. Pero puntualmente se fan análises que dan conta de que ese berberecho, esa ameixa, teñen unha calidade excelente. Isto é o que quere trasladar á opinión pública: que temos uns bivalvos extraordinarios e que queren que o sigan sendo.

O que non poden compartir... E igual isto pasa porque hai desinformación... Por que todos os informes que se foron facendo durante 5 anos, por técnicos rigorosos de Augas de Galicia, que sempre dicimos que son moi duros... Se non confiamos nos informes destes técnicos... En quen imos confiar? Imos dicir dende o Concello, sen ter técnicos especialistas, que os informes de Augas de Galicia non valen? Imos dicir que a auga que saía no 2016 (e nese momento se extraía berberecho e se traballaba no sector marisqueiro), auga que saía sen ningún tipo de control, sen realizar ningunha analítica.... Era a situación mellor que agora, que está todo controlado?

O que quere o Equipo de Goberno que preside é que se vele polo cumprimento da legalidade co máximo rigor. E se unha actividade cumpre a legalidade, non temos nada que dicir. Este desexo manifestouse en todas as reunións ás que asistiu, onde estaban as confrarías, o resto dos Concellos, técnicos, etcétera.

Xa existen informes que sinalan que a calidade da auga no río mellorou considerablemente. Non podemos converter a realidade nunha catástrofe que non existe. A auga está saíndo, porque hai pluviosidade, porque vai seguir chovendo. A auga vai continuar saíndo, como estivo saíndo até o de agora. E non hai máis que analizar o pasado e o presente da nosa ría. Pero agora sae mellor. Porque

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

se fixo unha depuradora no marco dun proxecto-piloto. Fixéronse moitísimas analíticas, unha tras outra... E comprobouse que os resultados eran incluso mellores que os previstos no proxecto-piloto. Isto é o que chegou da Consellería e o que está en exposición pública.

Vostedes cren que os técnicos, que non son políticos, poden non ter todos os puntos onde sae auga das instalacións mineiras, inventariados e controlados? A estas alturas a xente analiza, a xente reflexiona, e tamén se preocupa. Porque chega á rúa que o que se está mariscando é unha cousa... Que ela sostén todo o contrario, sostén que é excelente...

Hai técnicos de varios organismos que están facendo o seu traballo con rigor. Porque se non cremos niso, témonos que marchar todos para a casa. Ela cre firmemente. Agora é o momento de facer alegacións. Pois hai que facer esas alegacións. E os técnicos volverán a contestar esas alegacións. E volverán a facer mostras.

Nas reunións que houbo pedíuselle a Augas de Galicia que cada vez que fixeran analíticas, se mandasen os resultados ao Concello, para estar en todo momento informados. Tamén se solicitou, por parte do Concello de Lousame, que se recuperase o cauce do río.

Tamén chegou de Augas de Galicia un proxecto de limpeza do cauce do río nas Minas de San Finx. Dende o Departamento de Urbanismo fíxose o correspondente informe, relativo á normativa urbanística, que é a única competencia que ten o Concello de Lousame na materia. As competencias medio ambientais e de minas, non son municipais, nos sobrepasa. Podemos preocuparnos, podemos insistir en que se fagan as cousas ben... Pero non son competencias municipais.

O Concello de Lousame non quere ir en contra de ningún interese económico e menos contra a ría á que todos queremos e valoramos, porque vivimos nela. Pero se con esta actuación se vai a conseguir que as augas estean mellor que agora, que os técnicos de augas e de verteduras estean continuamente enriba, analizando e controlando... Poden preguntar aos veciños e aos técnicos de turismo a cantidade de veces que os técnicos de Augas se aproximaron alí a medir as augas. Ela cre, sinceramente, que están cumprindo co seu traballo.

Isto é o que ten que dicir. Están a favor da limpeza do cauce do río? Si. Están a favor de que se fagan as cousas co máximo rigor e que as cousas melloren para todos: para o propio río e para a ría? Si.

Debemos fiarnos dos informes dos técnicos de Augas de Galicia. Agora aparece outro informe de parte.... Pero imos cuestionarnos o informe dos técnicos da Administración, que pagamos todos os veciños e cidadáns, que levan os controis das augas e das verteduras? Hai un máximo interese da Administración Autonómica por esta ría e por querer facer as cousas ben.

O equipo de goberno sempre vai votar en contra das posturas que piden paralizar, que piden pechar... Pero á vez, o equipo de goberno segue dicindo que temos o mellor berberecho de Galicia e a mellor ameixa. Nunca van verter unha sospeita sobre estes produtos tan marabillosos, e dos que viven moitas familias. Dicir o contrario, é tirar pedras sobre o noso tellado.

Se recuperan a hemeroteca ou a videoteca, verán que ao longo destes 5 anos, sempre que lle preguntaron dixo o mesmo: o que quere é que se cumpra a legalidade, que a Administración sexa rigorosa esixindo o cumprimento das normas. E hai que esperar a que isto suceda.

A voceira do PSdG-PSOE quere manifestar que o seu grupo está totalmente a favor do marisqueo, de soster a calidade do marisqueo de Noia, do bo produto que ten a ría de Muros-Noia. Tamén quere manifestar que eles están de acordo en que a explotación mineira cumpra toda a normativa aplicable na materia. E tamén están a favor de que se recupere o río. Pero hai unha cousa que lle preocupa moito. Nunha comisión que tivemos, onde a Alcaldía deu conta dos informes de Augas de Galicia, onde se daba o visto bo para todo isto... A ela chégalle unha información por parte do voceiro do Grupo Mixto de que ese informe de Augas de Galicia non é veraz, non é válido.... Polo tanto

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

gustaríalle que o voceiro do Grupo Mixto lle presentara ese informe ao que el alude e que sinala que o que dicía a Alcaldesa non era certo. Sen ter esa información que debe dar o Sr. Anxo Moledo... Non pode debater co seu grupo sobre esta moción. El quedou de pasarlles ese informe pero non o fixo.

O voceiro do Grupo Mixto aclara que falou co voceira do PSdG-PSOE fai unhas 3 horas e comentoulle que el ten o expediente completo na casa, que non o tiña consigo, pero que ía tratar de conseguilo. Pero finalmente non atopou a ningún compañeiro seu que llo puidese pasar nestes intres. Pero o informe é público e pode accederse a el.

A Alcaldesa cre que o informe ao que se refire a Sra. González Bargo é o informe sobre a limpeza do río, que chegou ao Concello ao día seguinte de ter lugar a Comisión. Ela non da ningunha información que sexa falsa. Chega o expediente ao Concello para que o Departamento de Urbanismo emita o seu informe. Ela ten aquí o informe do Departamento de Urbanismo sobre o expediente en cuestión.

O voceiro do Grupo Mixto protesta porque estaba na súa quenda de palabra.

A Alcaldesa intervén por alusións, xa que está insinuado que ela mentiu na información que deu na comisión. Como non vai poder defenderse? Ela ten total transparencia con este asunto. Ela non vai levar nunca nada, a ningunha comisión informativa, mentres teña cargo público, que sexa falso. Non é a súa forma de proceder e menos falando de algo tan forte como é este tema. Pídelle ao voceiro do Grupo Mixto que non volva a dicir que ela minte se non é certo.

O voceiro do Grupo Mixto di que coa moción que se acaba de ler xa queda totalmente rebatido o que di a Alcaldesa dos informes de Augas de Galicia, que son verdade.

Continúa dicindo que o seu grupo si que está a favor do marisqueo na ría Muros-Noia. E por iso vai apoiar esta moción da Confraría de Pescadores. De que lado estamos? Esta non é unha moción do BNG. É unha moción que presenta a Confraría de Pescadores San Bartolomé de Noia; desa xente que está aí fora berrando e está defendendo todos os días o seu futuro e o seu pan. Non podemos permitir que se abran as Minas de San Finx como se queren abrir, cando non temos nin tan sequera un proxecto de impacto ambiental para as minas. É unha tolería. O que está facendo o Concello é priorizar 10 postos de traballo sobre 1.500 postos directos que ten actualmente a nosa ría.

O voceiro do Grupo Mixto dille a Alcaldesa que o que ten que facer para subir o padrón municipal de Lousame é recorrer a norma que di que a xente de Lousame non pode ser mariscadora. Esa norma é inxusta e é inconstitucional. Ese é o traballo que ten que facer como Alcaldesa.

Non se pode comparar cando se pechan os bancos marisqueiros por mor da toxina, co que estamos defendendo aquí. Aquí ninguén pon en dúbida que a día de hoxe o berberecho en Noia sexa apto para o consumo humano. O que se está facendo aquí é defender a traxedia que vai pasar como se abran as Minas de San Finx. Como revente esa balsa, que a Alcaldesa sabe perfectamente como está.

En relación aos informes de Augas sobre ese proxecto-piloto, dicir que se a Alcaldesa leu esas 500 páxinas, debe ser que o BNG le distinto que a Alcaldesa, que as Confrarías tamén len distinto, que os técnicos diferentes aos da Xunta, tamén len distinto que a Alcaldesa...

Xa escoitou de xente da Xunta que está colocada nas Confrarías que a auga que sae de alí é tan boa como a auga embotellada... Algo que tamén dixo a Alcaldesa nunha Xunta de Voceiros. Pois non se preocupen, que lle ha de traer el unha botelliña para que a tomen publicamente.

O voceiro do Grupo Mixto di que no transcurso da proba-piloto foi preciso realizar unha parada porque se saturaron os filtros. Cando isto sucede e se saturan os filtros a auga sae toda sen depurar.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Se na proba piloto, cunha cantidade mínima de auga, se saturaron os filtros e se estivo vertendo ao río sen que ninguén soubese nada... Que vai pasar cando estea instalada a mega-depuradora?

Os valores obtidos nesa proba piloto son ilegais, están por riba dos máximos permitidos. E non o di el. Iso está dito nese informe de 500 páxinas. Se vostede di que todos os informes de Augas de Galicia son favorables... Apaga e ímonos. Porque el está citando un fragmento de informe que non é favorable. Incúmprense os valores de metais pesados, como o cadmio. Estiveron depurando 11 semanas, só collen os informes da semana máis favorable, e aínda así os valores son negativos... Vaille dicir que os informes de Augas de Galicia son positivos? El non ve que sexan positivos por ningún lado. Debe ler mal todo o mundo. O Partido Popular de Lousame debe ler distinto aos demais. O voceiro do Grupo Mixto recorda que esta moción foi aprobada por unanimidade no Concello de Outes, no de Noia, e no de Muros.

O BNG non está en contra da minaría. Pero si da mega-minaría. E tamén están en contra do que está a suceder en Lousame coa Mina de San Finx. Quere por en valor os postos de traballo do marisqueo, do que viven de xeito directo moitas persoas de Lousame. Se morre a ría, morre todo o comercio que temos ao redor. Se a ría morre, acabouse a vida, como está pasando noutros sectores..

A Alcaldesa toma de novo a palabra e reafírmase en todo o que dixo na primeira parte. Non vai repetilo para non ser cansina. Tampouco quere gritar tanto como fixeron outros voceiros, porque non o pode facer. Pero supón que se lle estará entendendo. Cre firmemente no sector marisqueiro.

O voceiro do Grupo Mixto dille: Demóstreo!

A Alcaldesa contéstalle que procure non interromper a súa intervención. Neste Pleno se dixeron cousas graves contra funcionarios. Que cada un sexa responsable do que di contra funcionarios da Xunta de Galicia. Ela cre na democracia e cre que esas persoas están neses postos porque fai moitos anos gañaron unha oposición. Sen coñecer ás persoas, supón que están aí porque fan correctamente o seu posto de traballo. Se non se cre nos informes técnicos que se están facendo con rigor e coa periodicidade que marca a Lei, entón temos que irnos do sector público porque a democracia estaría en tela de xuízo.

Nunca vai falar mal do berberecho de Noia nin da ameixa de Noia, porque non hai motivos. Xa que é bo e de calidade. Entende a preocupación dos mariscadores, con toda esta información que lles está a chegar.... O Concello pronunciouse sempre no mesmo eido: rigor no cumprimento das normas medioambientais, normas de verteduras... E se alguén cumpre, e o organismo que o ten que dicir, o di, o Concello de Lousame non vai pedir que se paralice nada que cumpra. Porque isto xa ten outro nome....

A voceira do PSdG-PSOE manifesta o que xa dixo antes. Eles están a favor do marisqueo de Noia, e de que se cumpran todas as normativas medioambientais da Mina.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por seis (6) votos en contra (emitidos polo GPM do PP), tres (3) abstencións (emitidas polo GPM do PSdG-PSOE) e un (1) voto a favor (emitido polo Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, non aproba a moción presentada polo voceiro do Grupo Mixto.

A voceira do GPM do PSdG-PSOE explica que o seu grupo abstívose porque non ten no seu poder os informes aos que fixo referencia o Sr. Anxo Moledo e que lles permita poder contrastar toda a información sobre o asunto.

A Alcaldesa pídelle que se a Sra. González Bargo descobre nalgún momento que ela pasou algún documento falso, que o denuncie.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto non falou de documentos falsos, senón de información falsa. El xa leu un trozo de informe e vese claramente que non é favorable.

A voceira do GPM do PSdG-PSOE estase referindo a uns informes dos que lle falou o voceiro do Grupo Mixto hai 3 horas. E que segundo eses informes a información que dera a Alcaldesa na anterior reunión non era correcta. Como eles no puideron acceder a estes informes, non puideron contrastar a información. Polo que preferiron absterse neste asunto.

A Alcaldesa insiste en que ela non deu ningunha información errónea. Ela simplemente limitouse a ler o que entrou por Rexistro de Entrada no Concello. Nada máis. Polo tanto non hai información errónea ningunha. E logo leu o informe do Departamento de Urbanismo. Tamén comentou que entrara o proxecto de limpeza do río. Que aínda non o puidera ler, pero que se tiñan interese nel que o pediran arriba para examinalo, que estaba á súa disposición no Departamento de Urbanismo. Non dixo ningunha outra cousa. Non deu ningunha información que non fose correcta e transcrita tal cal chegou.

8.5 MOCIÓN DO GPM DO PP CONTRA A ORDE MINISTERIAL DE INCLUSIÓN DO LOBO NO LISTADO DE ESPECIES EN RÉXIME DE PROTECCIÓN ESPECIAL

A Alcaldesa comenta que quere someter a consideración do Pleno esta moción por razón de urxencia. Onte atopouse cunha delegación de Medio Ambiente da Xunta que se aproximaba a Lousame a levantar acta dos animais que foran atacados polo lobo. Esta moción non é porque pasara onte, senón porque é algo que leva sucedendo moito tempo. A Alcaldía somete a consideración do pleno a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

De seguido procédese a dar lectura da moción:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE LOUSAME CONTRA A ORDE MINISTERIAL DE INCLUSION DO LOBO NO LISTADO DE ESPECIES EN RÉXIME DE PROTECCION ESPECIAL

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 21 de setembro saíu publicada no BOE a Orde Ministerial pola que o lobo pasa a estar incluído no listado de especies en réxime de protección especial, o listado LESPRE.

Esta inclusión ven a supoñer na práctica que a partires de agora, o lobo deixe de ter a consideración de especie cinexética, polo que o seu control queda prohibido.

A consecuencia non é outra que cando se produzan danos, aínda que estean constatados, non se poderá autorizar ningún tipo de batida, espera ou acción de control similar.

Por outra banda, esta inclusión determina que o Plan de xestión do lobo de Galicia, deixa de estar en vigor, así como as axudas de prevención e danos que estaban contempladas no mesmo.

En todo caso e, tal como sinala e establece a Orde Ministerial, para que os gandeiros poidan ter dereito a algún tipo de axudas, deberán contar cun plan de prevención axustado ás medidas establecidas polo propio Ministerio de Transición Ecolóxica. Medidas incluídas nun catálogo tanto para o bovino como para o caprino e ovino, que fan na práctica inviables a meirande maioría das explotacións galegas.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Lousame presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

- O pleno do concello de Lousame insta a Xunta de Galicia a interpoñer os recursos correspondentes ante os Tribunais aos efectos de que se anule a Orde Ministerial pola que se inclúe ao lobo no listado Lespre.
- O pleno do concello de Lousame insta ao Ministerio para a Transición Ecolóxica a que habilite axudas para subvencionar aos gandeiros a adopción das medidas de prevención establecidas no Catálogo aprobado por este Ministerio.

-O pleno do concello de Lousame insta ao Ministerio de Agricultura para que habilite axudas para paliar os danos que causen os lobos.

En Lousame , a 26 de Novembro de 2021

A PORTAVOZ DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR NO CONCELLO DE LOUSAME
Asdo.- Dna. Mª Teresa Villaverde Pais

A Alcaldesa explica que sempre houbo lobos na Serra do Barbanza, pero proporcionais á cabana de animais que había no monte. Os gandeiros saben que o lobo pode comer algunha res, e non están en contra disto... O que non pode ser é que os gandeiros teñan os animais no monte, que ademais permiten que o monte estea limpo, e o lobo lles mate as súas reses; ás veces, coas reses a punto de ter as súas crías, e atopar aos animais coa barriga aberta...

Isto llo comentaron veciños de Aldarís, de Guiende, etcétera. O que lle trasladan é que esta situación lles quita as ganas de continuar. Non están en contra do lobo, pero tampouco en contra do gandeiro. É preciso que exista un equilibrio.

O territorio español non é todo igual. Houbo reunións entre Comunidades Autónomas que teñen este problema, de todos os signos políticos, e manifestaron o desacordo con esta norma. Esta norma non fai variacións, se non que trata a todos os territorios por igual. E hai diferenzas duns casos a outros. Invítaos a que falen dos gandeiros. E se a norma quere que siga a cousa así...? Entón teranlles que indemnizar aos gandeiros. Se eles están alimentando aos lobos coas súas reses, terán que ser compensados.

O voceiro do Grupo Mixto manifesta a súa oposición á moción presentada polo GPM do PP.

A voceira do PSdG-PSOE non intervén.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por nove (9) votos a favor (emitidos polos concelleiros/as do GPM do PP e PSdG-PSOE) e un (1) voto en contra (emitido polo concelleiro do Grupo Mixto), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

<<**Primeiro:** O pleno do Concello de Lousame insta a Xunta de Galicia a interpoñer os recursos correspondentes ante os Tribunais aos efectos de que se anule a Orde Ministerial pola que se inclúe ao lobo no listado Lespre.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: O pleno do Concello de Lousame insta ao Ministerio para a Transición Ecolóxica a que habilite axudas para subvencionar aos gandeiros a adopción das medidas de prevención establecidas no Catálogo aprobado por este Ministerio.

Terceiro: O pleno do Concello de Lousame insta ao Ministerio de Agricultura para que habilite axudas para paliar os danos que causen os lobos>>

8.6 MOCIÓN DO GPM DO PP EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO

A Alcaldesa comenta que quere someter a consideración do Pleno esta moción por razón de urxencia. Xustifica a urxencia do asunto e somete a consideración do pleno a urxencia da moción.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por unanimidade dos dez (10) concelleiros presentes, sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO: ratificar a urxencia da moción e a súa inclusión na Orde do Día do Pleno.

A Alcaldía procede a dar lectura da moción:

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE LOUSAME EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO

O Grupo Municipal Popular no concello de Lousame de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN:**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Deste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción –Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias–. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Perante a relevancia deste sector, cómpre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias –que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á alimentación animal, os combustibles ou a enerxía– dificulta a sustentabilidade económica das gandarías, especialmente as dedicadas á produción de leite.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo amósase no óptimo desenvolvemento da **Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia**, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da Estratexia, de abordar unha reforma lexislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras como instrumento

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

redutor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a **Lei de recuperación da terra agraria,** que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

Precisamente, en relación con este tema, a Consellería do Medio Rural deu a coñecer un informe sobre a **Manifestación de Interese de proxectos autonómicos**, que constata a gran demanda de base territorial que teñen os nosos gandeiros. De feito, das máis de 13.200 hectáreas xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira, o 94% correspóndese co sector bovino, o que demostra o peso que ten o vacún na nosa comunidade e especialmente o lácteo.

Nesta liña, cómpre salientar a importancia que posúen as axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como "plans de mellora", así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións, liñas que superan nos orzamentos para o vindeiro ano 2022 os 76 millóns de euros.

A estas liñas de actuación, súmanse as **accións formativas** especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (*Gandeiros 20-30*), e a posta en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada **"Conta Láctea"**, foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o coste de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

Esta iniciativa, como as enmarcadas na citada Estratexia, responden á necesidade de fortalecer a profesionalización do sector, mellorar a súa rendibilidade e defender a calidade dos nosos produtos lácteos por medio de ferramentas prácticas e verdadeiramente efectivas na práctica, sobre todo nun contexto como o actual, de reestruturación do modelo produtivo cara explotacións máis eficientes e rendibles.

Neste respecto, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custes de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do **Observatorio do Sector Lácteo de Galicia** é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámite previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso a estratexia do sector lácteo aposta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de "Leite de Pastoreo de Galicia". Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía "Galega 100%" que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de concello de Lousame presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS:**

1.- O concello de Lousame insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exixencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.
b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da "*Conta láctea*" ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- O concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- O concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

4.- O concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5.- O concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea."

A voceira do PSdG-PSOE sinala que é unha moción moi longa, con moitos datos... Hai cousas coas que están de acordo e outros coas que non o están. Por este motivo vanse abster na votación.

O voceiro do Grupo Mixto está lendo a moción para ver se é posible chegar a un acordo. Logo de ler o punto1, letra b), sinala que lle gustaría ir máis alá e pedir que aos sectores produtivos se lles dotase dunha ferramenta obxectiva para fixar os custos de produción de referencia que sexan vinculantes e obrigatorios.

A Alcaldesa di que iso xa está recollido, por iso prefire non tocar o texto da moción.

Tamén lle gustaría engadir un punto sexto, no seguinte sendo: *Instar á Xunta de Galicia a promover un foro de encontro e debate arbitrado pola Consellería de Medio Rural onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados (produtores, cooperativas, industrias e especialmente a distribución)*

A Alcaldesa di que non ten problema en engadir ese punto sexto. A outra modificación non a acepta.

A Alcaldía somete a votación a moción presentada coa emenda proposta polo Grupo Mixto, que consiste en engadir un punto sexto no sentido que expuxo.

En consecuencia, o Pleno Corporativo, por sete (7) votos a favor (emitidos polos concelleiros do GPM do PP e Grupo Mixto) e tres (3) abstencións (emitidas polos concelleiros do GPM do PSdG-PSOE), sendo once (11) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, adopta o seguinte ACORDO:

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

<<Primeiro: O Concello de Lousame insta a Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación á adopción das medias oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alomenos, os seus custos de produción. E que esta esixencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.
b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da "Conta láctea" ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.
c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

Segundo: O Concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

Terceiro: O Concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

Cuarto: O Concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

Quinto: O Concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do Sector Lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea.

Sexto: O Concello de Lousame insta á Xunta de Galicia a promover un foro de encontro e debate arbitrado pola Consellería de Medio Rural onde estean representados todos os actores da cadea de produción e obtención do leite e derivados (produtores, cooperativas, industrias e especialmente a distribución)>>

9 ROGOS E PREGUNTAS

A voceira do GPM do PSdG-PSOE indica que non quere plantexar ningún rogo ou pregunta.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

O voceiro do Grupo Mixto plantexa a seguinte pregunta:

1.- En relación ao ARD e o Xeodestino, é coñecedor de que van vir uns cartos... Gustaríalle saber, xa que a Alcaldesa é a presidenta e a representante do Concello nesa asociación, por que non se ten en conta ao sector hostaleiro, por exemplo. Estiveron participando dende o primeiro momento e agora non se lles ten en conta.

A Alcaldesa prégalle que faga un escrito dirixido á Asociación onde faga as preguntas que considere oportunas, e dende a Asociación se lle contestará ás súas dúbidas.

E non habendo outros asuntos que tratar, de orde da Alcaldía-Presidencia rematouse a sesión sendo ás vinte e dúas horas e trinta minutos (22:30 h.), da que se estende a presente acta que asina comigo a Sra. alcaldesa e da que eu, secretaria, dou fe.

A ALCALDESA-PRESIDENTA

María Teresa Villaverde Pais

A SECRETARIA-INTERVENTORA

Paula Ares Otero

FIRMADO POR Paula Ares Otero (FECHA: 05/09/2022 20:50:00) , María Teresa Villaverde Pais (FECHA: 06/09/2022 13:00:00)
Versión imprimible
CVD: CjfsCQQzavtzgvhtL3Ea
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.lousame.es. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).